

Transcricións dos vídeos

1. *Formación dunha nube*, de Xacobo de Toro, en https://youtu.be/6aQ_hhPS3Es

Nunca vos preguntastes que son as nubes? Eses algodóns enormes que penduran sobre as nosas cabezas no ceo. Están formadas por auga líquida? Ou serán vapor de auga en suspensión? Agora desvelámolo.

Cando o aire húmido con vapor de auga proveniente da evaporación de mares, ríos, lagos, etc. sobe debido a unha borrasca, arrefría ao ascender e parte deste vapor de auga condénsase formando pequenas gotiñas de auga. Pero, para que isto aconteza, é precisa a axuda dos centros de condensación, que son partículas sólidas diminutas, pequerrechas, de pole, sales, po, feluxe... que flotan no aire e ás cales se adhíren as pingas. Vaia, que se forman as nubes. Entón, que é unha nube? Pois ese conxunto de gotiñas minúsculas en suspensión.

Nunha nube adoita haber de 1000 a 1500 gotiñas por centímetro cúbico. É dicir, que hai de 1000 a 1500, aproximadamente, no volume dun dado de parchís. Cando chocan entre elas dan lugar a gotas máis grandes, ata que alcanzan un diámetro de 0'5 milímetros. Este diámetro é o dunha gota que soe ter o peso suficiente para vencer a forza ascendente impulsada polo aire. É xusto nese intre cando se produce a precipitación e caen as pingas da chuvia. Hai zonas onde a forza ascensional é moi forte e poden suxeitar gotas de ata 5 milímetros. Pero o máis habitual son gotas de 1 ou 2 milímetros, sendo as de 0'5 mm, para que vos fagades unha idea, as do orballo.

Como no noso centro de traballo somos moi inquedados, fixemos un traballo supercompleto dos tipos de nubes, que fixeron os alumnos de Ares hai uns anos. Está aquí, na ampliación tema. Recomendovolo consultar, está moi ben.

2. *Videotutorial Como subtítular un vídeo en Youtube*, de Vídeos en galego, en <https://youtu.be/vmkTp5gA4PE>

[Lenda] Como poñer subtítulos en galego

Moi bos días a todos. A continuación vouvos expoñer un videotutorial no cal explicarei os pasos a seguir para subtítular un vídeo de Youtube.

Para levalo a cabo temos que ter previamente descargado e subido a Youtube o vídeo. Unha vez feito isto, comezamos entrando na páxina principal de Youtube.

Unha vez en Youtube, iniciamos sesión coa nosa conta. Entramos na nosa canle e, de seguido, en xestor de vídeos, xa que o que queremos é editar un vídeo.

Buscamos o noso vídeo, que porá borrador, e clicamos en editar. Na parte superior podemos observar unha barra de ferramentas que podemos empregar para a edición do noso vídeo. Hoxe imos utilizar os subtítulos.

Engadimos novos subtítulos e seleccionamos o idioma. Creamos novos subtítulos, escribimos o subtítulo que queremos introducir no vídeo e clicamos en máis. Unha vez feito isto, o último que queda é regular o tempo do noso subtítulo. Podemos facelo co teclado, modificando os segundos ou tamén podemos facelo coa parte inferior, empregando a frecha. Podemos acortar o noso vídeo empregando a frecha ou agrandalo, o que queirades.

Despois disto, xa temos introducidos os subtítulos no noso vídeo. O último que queda é publicalo para que todos os usuarios de Youtube poidan velo. Clicamos en publicar e xa está, o noso vídeo xa está publicado en Youtube.

Moitas grazas.

3. *A liberdade para os delinquentes?*, de Nuria Espasandín, en <https://youtu.be/DhDiQ7FIInbI>

Esta mañá espertei lendo unha noticia do *Faro de Vigo*, a cal me parece unha auténtica falta de respecto e un atentado contra dereitos fundamentais, tales como a liberdade ou a seguridade.

Déixovos na caixiña de información o link para que poidades xulgar por vós mesmos.

O titular di: “Como evitar ser una vítima en plena calle” e o artigo basicamente trata diso, danche unhas pautas para que non che ataquen na rúa. Estas pautas son algunhas tales como non camiñar distraído, mostrar confianza e moverse con seguridade e calma, estar en alerta, evitar ir só de noite, non ir coas mans nos bolsillos, andar con pasos firmes e naturais. En serio?! Abondo teño con ir andando e non caer.

Un dos que máis me perturba é o feito de ter que estar alerta continua cada vez que estou na rúa por ter que ter medo a que alguén me atraque. Hai persoas ás que lles custa suor e lágrimas saír á rúa cada día e enfrontar todo o que teñen que enfrontar. Estádesme dicindo que polo feito de que se lles note a súa inseguridade xa teñen que saír con medo de ser vítimas? E aínda por riba de todo o que teñen ou de ser simplemente unhas persoas inseguras, que pasa?, que todo o mundo ten que ter unha seguridade *de la hostia*? E por certo, se eu xa son unha persoa insegura, se me estades dicindo que polo feito de ser insegura, aínda por riba é motivo suficiente para que me atraquen na rúa, ou me asasinen, ou calquera barbaridade, desculpade pero creo que non é a mellor maneira de subir a autoestima dunha persoa. O feito de por non ter esa seguridade nun mesmo xa é motivo suficiente para que outras persoas se aproveiten diso!

En serio ides apoiar o feito de que non se cometan delitos porque as vítimas en potencia simplemente renuncian á súa liberdade en favor do terror? De verdade que imos intentar culpar e aterrorizar as vítimas dicíndolles que outras persoas vanlles quitar os seus dereitos invitándoos directamente a renunciar a eles? Deixemos de culpar as vítimas de selo e eduquemos a sociedade para que estas non existan.

Paréceme flipante ter que ler isto. É que non entendo, de verdade, como se poden estar publicando este tipo de cousas, como se pode intentar culpabilizar. (...) Teño un cabreo moi moi forte, porque estou moi cansada de que se intente culpar a xente e convencela de que ten que renunciar aos seus dereitos en favor dunha seguridade que ten que vir dada. Se eu non teño a liberdade de andar tranquila pola miña cidade, que son? (...)

Sen máis, grazas por escoitarme.

4. *O do Blablacar*, de Iago Varela, en <https://youtu.be/maANgYGeDVE>

Chegou o momento, hoxe imos falar do Blablacar.

Moi boas, xentes de internet! Como sabedes, a final do verán de 2015 publiquei unha viaxe no Blablacar entre Vigo e Ourense e unha rapaza chamada Ester reservou praza comigo no coche. Ester escribíume despois a través de Watsapp, para ver como facíamos para quedar, e eu contesteille dándolle varias opcións e facilidades. Pero esta sorprendeuse de que a miña resposta fose en galego e decidiu cancelar a viaxe comigo no coche. A min isto pareceume tan surrealista que decidín facer unha captura de pantalla e subila á miña conta de Twitter. O que pasou despois váivolo contar Marga Pazos.

[Corte e reprodución de nova sobre o asunto na TVG] (...)

O meu tuit apareceu en ducias de medios de comunicación de todo o Estado, o que fixo que durante días recibise centos de mensaxes, a grande parte de xente de fóra de Galicia, nas que me chamaban de todo menos bonito. Toda esa voráxine que vivín levoume a facer un par de reflexións, que son as que hoxe quero compartir convosco.

A primeira é que en internet hai xente que se aburre moitísimo. Coa de vídeos de gatiños ou de rusos facendo cafradas, que falta haberá de ir buscar o perfil dun tipiño que viches nas novas para soltarlle un par de insultos?

E segunda, e xa máis en serio, é que as diferenzas culturais entre Galiza e os territorios monolingües

do Estado son máis grandes do que pensaba que eran. A meirande parte dos insultos que recibín co tema de Blablaclar eran de xente deses territorios. En todas as respostas había uns tópicos que se repetían: “eres un maleducado, ella te falou en castellano, tú le hablaste en galego”. Esa xente consideraba de mala educación contestar nunha lingua diferente da que che falan (o español, claro). E o máis importante, eran incapaces de entender que iso para nós é o máis normal do mundo. Non coñecen a nosa realidade e dan por sentado que a súa experiencia monolingüe é o normal, o natural. Aquí teño que facer un breve inciso, pois a diferenza do que moita xente cre, son os monolingües os raros. A nivel global estímase que máis da metade da poboación é bilingüe, e no caso concreto do Estado español a proporción de persoas que viven en territorios monolingües ou bilingües está moi aproximada. Se facemos un cálculo rápido, como fixo Xurxo Díez nunha entrada recente no seu blog, veremos que aproximadamente o 43% da poboación do estado vive en territorios multilingües. Ao caso, que eu era un maleducado por facer algo que aquí é do máis normal. E tan normal é que hai familias, grupos de amigos, pais e nais, parellas nas que cadaquén fala a súa lingua. E tan normal é que, se non o fixeramos, os galegofalantes non poderíamos empregar a nosa lingua en moitos ámbitos, como a Universidade ou o comercio, onde a presenza do galego é residual. E tan normal é que se de verdade fose un insulto, as galegofalantes estaríamos permanentemente enfadadas cada vez que nos responden cun “buenos días” a un “bos días” ou cada vez que nos traducen simultaneamente o café con leite por “café con leche” en todos os bares. Ademais de todos os insultos de rigor, chamáronme intolerante. E eu preguntome: quen é máis intolerante, eu por falar na lingua na que adoito falar cunha persoa que dou por feito que a entendía ou quen pretende que nos adaptemos á súa visión do mundo monolingüe?